

# **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DE LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.**

## **I.- FUNDAMENTO E NATUREZA**

Artigo 1º.- Este Concello consonte ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo co previsto no artigo 20.4.i) do RDL 2/2004, de 5 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a taxa polo outorgamento de licenza de apertura de establecementos, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada consonte o disposto no artigo 16 co citado RDL 2/2004, de 5 de marzo.

## **II.-FEITO IMPOÑIBLE**

Artigo 2º.-

1. Constitúe o feito imponible deste tributo a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos ó outorgamento da necesaria licenza para a apertura de locais ou establecementos, calquera que sexa a actividade que nos mesmos se realice.
2. Aos efectos deste tributo, consideraranse como apertura:
  - a) Os primeiros establecementos.
  - b) Os traslados de locais.
  - c) As ampliacións ou variacións da actividade desenvolvida nos locais, darán lugar ó abono de novos dereitos, deducidos exclusivamente daquelas e sempre que requiran unha nova actuación dos servizos municipais en orden á viabilidade das citadas ampliacións.
  - d) A ampliación do local
  - e) Cambios de titularidade
3. Entenderase por local de negocio:
  - a) Todo establecemento destinado ó exercicio habitual do comercio. Presumirase dita habitualidade nos casos a que se refire o artigo 3 do Código de Comercio, ou cuando para a realización dos actos ou contratos obxecto de tráfico da actividade desenvolvida sexa necesario darse de alta no Imposto de actividades Económicas.
  - b) O que se dedique a exercer, con establecemento aberto, unha actividade de industria, comercio ou ensino.
  - c) Toda edificación habitable cuxo destino primordial non sexa a vivenda e, en especial, esta ou non aberta ó público, a destinada a:
    - O exercicio de industria ou negocio de calquera clase ou natureza.
    - O exercicio de actividades económicas.
    - Espectáculos públicos.
    - Depósito e almacén.

- Escritorio, oficina, despacho ou estudio, cando nos mesmos se exerza actividade artística, profesión ou ensino cun fin lucrativo.

4.-Os cambios de denominación social que non supoñan ningunha outra alteración na personalidade xurídica da sociedade titular da licenza nin na actividade desenvolvida non implicarán ningún pago en concepto desta taxa.

### **III. OBRIGADO TRIBUTARIO**

Artigo 3.- Son obrigados tributarios desta Taxa, as persoas físicas e xurídicas, así como as herencias xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición; que sexan titulares da actividade que pretendan levar a cabo ou que de feito desenvolvan, en calquera local ou establecemento.

### **IV. RESPONSABLES**

Artigo 4.- Ós efectos de recoñecer ós responsables solidarios e subsidiarios da obriga tributaria, estarase ó disposto no establecido na Sección 3ª do Capítulo II do Título II da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

### **V. DEVENGO**

Artigo 5.-

1. A obriga de contribuir nacerá no momento de outorgarse a licenza solicitada; desde que o local ou establecemento donde vaia desenvolverse a actividade se utilice ou estea en funcionamento sen terse obtido a preceptiva licenza, e desde que se produza algunha das circunstancias das establecidas no número 2 do artigo 2 desta Ordenanza.
2. Unha vez concedida a licenza provisional, notificarase ó interesado a liquidación da taxa, debendo éste proceder ó seu pagamento nos prazos e formas establecidos na mesma, sen perxuízo da liquidación que corresponda e se practique no momento de adoptarse a resolución administrativa de concesión de licenza definitiva.

### **VI. BASE IMPOÑIBLE**

Artigo 6.-

1. A base imponible do tributo estará constituída polo tipo de local ou establecemento para o que se solicite a licenza de apertura ou no que se realice a actividade obxecto desta Ordenanza.

2. O tipo de gravame a aplicar será o seguinte:

- a.- Establecementos ou locais non suxeitos ó Regulamento de Actividades Molestas, insalubres, nocivas e perigosas, tributarán por unha tarifa mínima de 100,00 euros.
- b.- Establecementos ou locais suxeitos ó Regulamento de Actividades Molestas, insalubres, nocivas e perigosas, tributarán por un tarifa de 200,00 euros.
- c.- Establecementos ou locais cunha superficie total igual ou maior de 500 metros cadrados así como aqueles nos que se desenvolvan actividades incluídas en plans sectoriais, con independencia de que se suxeten ou non ó RAMIN, tributarán polo 0,5% do orzamento de execución material que figure no correspondente proxecto a presentar para a solicitude de licenza de obra. Caso de que por calquera razón non poida determinarse o orzamento de execución material, tributarase pola cota mínima máis alta correspondente ó epígrafe/s de IAE ós que se estea suxeito, que se determinará segundo o RDL 1175/1990, de 28 de setembro, ou norma que o poida substituír.
- d.- Os cambios de titularidade tributarán ó 50% da tarifa aboada na primitiva licenza de apertura concedida.

### **EXENCIONS, REDUCCIONS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES**

Artigo 7.- De conformidade co disposto no artigo 9 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, non se reconece ningún beneficio tributario, coa salvedade dos que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.

### **NORMAS DE XESTION**

Artigo 8.-

1. Os obrigados tributarios presentarán no Concello a solicitude de apertura á que acompañarán os documentos xustificativos daquelas circunstancias que tiveran que servir de base para a liquidación da Taxa.
2. Ata tanto non recaia acordo municipal sobre concesión da licenza, os interesados poderán renunciar expresamente a ésta, quedando entón reducidas as taxas liquidables ó 20 por 100 do que correspondería de terse concedido dita licenza, sempre e cando o Concello non tivera realizado as necesarias inspección ó local; noutro caso non haberá lugar a practicar ningunha redución.
3. Consideraranse caducadas as licenzas se despois de concedidas transcorren máis de tres meses sin terse producido a apertura dos locais ou, se despois de abertos, se pechasen novamente por período superior a seis meses consecutivos.
4. Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento ou se alterasen as condicións proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto,

- tales modificacións terán que porse en coñecemento das administración municipal co mesmo detalle e alcance que se esixe na solicitude inicial de licenza de apertura.
5. A denegación de licenza ou a concesión dela por silencio administrativo positivo dará lugar á devolución do importe que no seu caso se tivese aboado.

## **INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS**

Artigo 9.- Constitúen casos especiais de infracción grave:

- a) A apertura de locais sen a obtención da correspondente licenza.
- b) A falsedade dos datos necesarios para a determinación da base impositiva.

Artigo 10.- No relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e demáis normativa aplicable.

## **DISPOSICION FINAL**

A presente Ordenanza entrará en vigor e comenzará a aplicarse no momento da súa publicación no BOP.

<b>Publicada en B.O.P. nº 260 de 12/11/2007</b>
---